

---

## Resolución do director-xerente do Auditorio de Galicia

ASUNTO: 2ª CONVOCATORIA DO RECOÑECIMENTO DO GRAO II DA CARREIRA PROFESIONAL AO PERSOAL CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPEDIENTE: 2022/G003/000263

EXPEDIENTES RELACIONADOS: 2022/X999/000066

---

Xaquín López González, Director-xerente do Auditorio de Galicia, polas atribucións concedidas no artigo 12 dos estatutos do organismo autónomo.

### ANTECEDENTES:

1. O persoal do Auditorio de Galicia está adscrito ao Acordo regulador-convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela segundo acordo publicado no BOP 116 de 19 de xuño de 2014, polo tanto calquera modificación deste é aplicable aos traballadores/as do Auditorio de Galicia.

2. No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 130 do 11 de xullo de 2019 publicouse para xeral coñecemento e efectividade a modificación de determinados apartados do Acordo regulador-convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela, aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 24 de maio de 2019, previa negociación no seo da Mesa Xeral de Negociación.

3. O Acordo, ademais do seu obxectivo principal ;regular as bases do réxime de carreira profesional- incorpora certas medidas excepcionais de progreso na carreira horizontal para o colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

En concreto, no seu capítulo X, incorpora a tramitación inmediata dun réxime transitorio e excepcional de encadramento (artigo 10.3.4), para cuxa efectividade resulta preciso habilitar o correspondente prazo e procedemento para a presentación de solicitudes.

En data 24 de xullo de 2020, publicouse o decreto desta concellaría e, posteriormente, por Resolución do 28/07/2020, procedeuse á convocatoria do recoñecemento do grao I da

---

carreira profesional, resolta con data 27/10/2020. Mantendo datas análogas no Auditorio de Galicia cuxa resolución foi realizada por Resolución do Presidente do Auditorio de Galicia 348/2020 de 4 de decembro de 2020.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 10.3.4.UN.3 do Acordo regulador-Convenio colectivo, no primeiro semestre do ano 2021 o Concello publicará a convocatoria para que, aquelas persoas empregadas municipais, incluídas no ámbito de aplicación, que teñan recoñecido o grao I a través deste réxime transitorio e excepcional, poidan solicitar o encadramento no grao II.

5. A dotación orzamentaria para levar a cabo a convocatoria está contemplada na partida orzamentaria 33000 15200 do orzamento en vigor do Auditorio de Galicia 2022.

6. Con base ao que antecede, ao abeiro da resolución da Concelleira de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local pola que se procede á convocatoria do recoñecemento do grao II da carreira profesional ao persoal concello de Santiago de Compostela de 20 de setembro de 2022.

Vistos informes, documentación e os antecedentes que constan no expediente

## **RESOLVO:**

1. Trasladar a resolución da Concelleira de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local pola que se procede á convocatoria do recoñecemento do grao II da carreira profesional ao persoal concello de Santiago de Compostela de 20 de setembro de 2022, co obxecto de abrir un procedemento análogo para os/as traballadores/as do Auditorio de Galicia.

2. As solicitudes presentaranse nos prazos e forma indicados na resolución da Concelleira de facenda sinalada na sede electrónica do Auditorio de Galicia.

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura electrónica

Xaquín López González

Director-xerente do Auditorio de Galicia



Compostela  
Cultura

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura electrónica

Xaquín López González

Director-xerente do Auditorio de Galicia

---

AUDITORIO DE GALICIA  
Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290  
Fax: 981 574 250  
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA  
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS  
Santiago de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO